

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 11-11-2019, ditou a resolución con número 3048/2019 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **Campaña de Inverno 2020 Deputación da Coruña.**

Vistos os seguintes antecedentes:

O Concello de Carballo foi incluído na actividade "Campaña de Inverno 2020" da Deputación da Coruña que se celebrará na estación invernal de Cabeza de Manzaneda, adxudicándonos 13 prazas.

A quenda correspondente ó Concello de Carballo é a terceira, dende o 7/02/2019 ó 10/02/2019.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Establecer un prazo de preinscrición para achegar solicitudes, dende o día 12 de novembro ate o día **4 de decembro 2019**, mediante a correspondente ficha de inscrición, anexa a esta resolución e á que se deberá dar rexistro de entrada no Concello de Carballo.

**Segundo.-** Adoptar os requisitos establecidos e os que poida establecer a Deputación da Coruña para a admisión e participación na "Campaña de Inverno 2020" e os particulares do Concello de Carballo, nos seguintes termos:

- Poderán asistir á actividade nas prazas correspondentes ó Concello de Carballo nenos e nenas que cumpran ca seguinte condición definida pola Deputación da Coruña: "*As idades da rapazada participante serán de 11 a 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2020)*", e que estén empadroados no Concello de Carballo.
- No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas, realizarase un **sorteo público** para adxudicar as mesmas o **luns día 16 de decembro ás 10:00 h.** na Casa do Concello.
- Terán preferencia os solicitantes que non participaran en ningunha campaña de inverno anterior da Deputación da Coruña.
- A cota de participación individual establecida pola Deputación da Coruña é de 85,00 €.

**ANEXO I- FICHA DE INSCRIPCIÓN**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CAMPAÑA DE ESQUÍ 2020**

D. \_\_\_\_\_, con dni nº \_\_\_\_\_,

como pai, nai, titor/a da persoa solicitante, EXPOÑO QUE D./Dna.

APELIDOS \_\_\_\_\_

NOME \_\_\_\_\_, DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_, SOLICITA PARTICIPAR NA CAMPAÑA DE ESQUÍ 2020, ORGANIZADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA NENOS E NENAS DE 11 A 15 ANOS INCLUSIVE CUMPRIDOS A 31 DE DECEMBRO DE 2020, A TRAVÉS DAS PRAZAS DESTINADAS POLA MESMA Ó CONCELLO DE CARBALLO.

DECLARO que o neno/nena solicitante está empadroadado no Concello de Carballo e

PARCICIPOU

NON PARTICIPOU

EN ALGUNHA ANTERIOR CAMPAÑA DE ESQUÍ DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA.

**DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:**

ENDEREZO:

Rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, letra \_\_\_\_\_. LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

Nº TELÉFONO: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Sinatura

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria Accidental

Susana Mariño Lorenzo

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental

Susana Mariño Lorenzo